



BOP

XOVES, 9 DE AGOSTO DE 2018

N.º 182

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste concello, do día 02 de agosto do 2018 , o Orzamento xeral, as bases de execución e o cadro de persoal funcionario, laboral e eventual, para o exercicio económico de 2018, de acordo co previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, expóñense ao público o expediente e a documentación preceptiva por un prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións.

Conforme o acordo adoptado, o Orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións, no caso de que se realizasen alegacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, segundo o establecido no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Baleira, 2 de agosto de 2018.- ALCALDE EN FUNCIÓNS ,PD Resolución do 11/07/2018, ALBERTO NÚÑEZ FERNÁNDEZ.

R. 2237

Anuncio

A Corporación Municipal do Concello de Baleira, Lugo, na sesión plenaria ordinaria do 02 de agosto do 2018, aprobou o expediente de modificación de créditos (crédito extraordinario) cun importe total de 32.400euros (aumento da partida 162-622), con cargo ó remanente de tesourería do exercicio anterior, para financiar inversións financeiramente sostibles, segundo memoria incorporada ó expediente de referencia.

De conformidade co disposto no artigo 177 en relación co 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o expediente sométese a información pública polo prazo de quince días hábiles mediante edictos no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de que durante o devandito prazo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o mencionado prazo non se presentaran reclamacións; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Baleira, 2 de agosto de 2018.- ALCALDE EN FUNCIÓNS ,PD Resolución do 11/07/2018, ALBERTO NÚÑEZ FERNÁNDEZ.

R. 2238

BURELA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 13/2018

Aprobado inicialmente na sesión ordinaria do Pleno deste concello, celebrada en data 02 de agosto de 2018, o expediente de Modificación de créditos núm. 13/2018, na súa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a altas e baixas de créditos de persoal, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se somete a información pública polo prazo de quince días a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

Burela, 06 de agosto de 2018.- O Presidente, Alfredo Llano García

R. 2265

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 26 de xullo de 2018 adoptouse o seguinte acordo:

1º.- Delegar a sinatura da persoa que ostenta a Secretaría-Intervención deste Concello na traballadora do concello D^a M^a Matilde Arza Zarauza unicamente para os actos de trámite que se expresan seguidamente durante o período do 30 de xullo de 2018 ata 24 de agosto de 2018, ambos inclusive,- por mor das vacacións da Secretaria-Interventora.

2º.- Os actos de trámite dos que se delega sinatura son:

a) Certificados do Padrón Municipal de Habitantes

3º.- Notificar aos interesados a presente Resolución e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

En Folgoso do Courel, a 26 de xullo de 2018.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa

R. 2151

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 18006252 DO 19/07/2018

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tte. de Alcalde Delegado da

Area de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto número 17010969, de 15 de decembro de 2017, se resolveu convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso - oposición, para o acceso en propiedade a oito prazas de Administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (seis prazas incluídas na OPE 2015 e dúas prazas incluídas na OPE 2016), que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo 17/714 da Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión do 22.11.2017, como polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA PROMOCIÓN INTERNA”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polos acordos do citado órgano número 12/809, do 22 de decembro de 2010, e o acordo número 12/742, do 15 de outubro de 2014, e publicadas integramente no BOP de Lugo número 256, do 7.11.2014.

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 017, de 22 de xaneiro de 2018.

De igual xeito foi publicado extracto de dita convocatoria no “Diario Oficial de Galicia” núm. 57, de 21 de marzo de 2018 e anuncio no “Boletín Oficial del Estado” nº 104, de 30 de abril de 2018.

Visto que con data do 21 de maio de 2018 rematou o prazo de presentación de solicitudes de participación no mencionado proceso selectivo, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 17010969, de 15 de decembro de 2017, para o acceso en propiedade a oito prazas de Administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (seis prazas incluídas na OPE 2015 e dúas prazas incluídas na OPE 2016), que a continuación se indica:

ADMITIDOS

APELIDOS E NOME	DNI
ARIAS ARIAS JOSE LUIS	33307023X
CANCELAS DOMINGUEZ NOELIA	33351441S
CARBALLAL RIFON ROSA MARIA	33332967X
LONGARELA CEIDE MARIA ISABEL	33336860Q
LONGARELA CEIDE MARIA JESUS	33327384Q
MARTINEZ DABLANCA ANA ISABEL	33313829P
MENENDEZ LOPEZ MARIA CARMEN	33323518Z
OTERO PRADO VANESA	33339576H
PARDO FERNANDEZ MANUEL	33856476Q
RICO MENDEZ MARIA ANGELES	30606690S
RODRIGUEZ GARCIA MARIA ELENA	33992509G
SANTIAGO VAZQUEZ JULIA	33330897X
TORRON FOLGUEIRA BLAS	33340278F

EXCLUIDOS

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO
POMBO GALLEGO IVAN	33334006Z	Non acredita documentalmente estar en posesión da titulación requirida.
RODRIGUEZ ALVAREDO NATALIA	33344392G	Non acredita documentalmente estar en posesión da titulación requirida

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para enmendadas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

R. 2154

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio*

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, de data de 30 de xullo de 2018 o expediente núm. 37/2018 de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito por importe de 17.359,71 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte, 31 de xullo de 2018.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 2207

MONTERROSO

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de día 03 de agosto de 2018 aprobáronse as bases para a selección de profesores/as para a impartición de actividades docentes musicais na Escola de Música e de monitores/as para as actividades de Ocio municipais do Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

-Escola de Música

-Actividades de Ocio

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de seis días naturais a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na páxina web www.monterroso.es

Monterroso, 03 de agosto de 2018.O TTe. Alcalde, (Decreto 12/07/2018), Marcelino Vázquez García

R. 2239

POL

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 26 de xuño de 2018, prestouse aprobación ao Padrón da taxa por recollida de lixo, correspondente ao cuarto trimestre do ano 2017.

Por medio do presente edicto, realízase notificación colectiva das respectivas débedas tributarias nos termos que se establecen polo artigo 102.3 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O pagamento en periodo voluntario deberá facerse efectivo na forma e nos prazos que se establezan polo Servizo de Recadación da Deputación Provincial de Lugo entidade na que se ten delegado esta competencia por parte do Concello.

Pol, 19 de xullo de 2018.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega

R. 2157

A PONTENOVA

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2018, o expediente de modificación de créditos (Transferencia de Créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto), expediente 289/2018, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público nas oficinas municipais deste Concello, polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sa. Alcalde - Presidente desta Corporación.

De non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobada a modificación orzamentaria sen necesidade de novo acordo plenario.

Na Pontenova, a 3 de agosto do 2018. O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2240

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2018, o expediente de modificación de créditos (Transferencia de Créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto que non afectan a gastos de persoal), expediente 290/2018, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público nas oficinas municipais deste Concello, polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sa. Alcalde - Presidente desta Corporación.

De non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobada a modificación orzamentaria sen necesidade de novo acordo plenario.

Na Pontenova, a 3 de agosto do 2018. O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2241

PORTOMARÍN

Anuncio

Tendo previsto ausentarme do termo municipal entre os días 01 a 31 de agosto deste ano, ambos inclusive, e para non prexudica-lo funcionamento normal da vida municipal, de conformidade co disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como no art. 63 da Lei de Administración Local de Galicia, por medio da presente RESOLVO:

Primeiro: Delegar, no Primeiro Tenente de Alcalde do concello de Portomarin, Don Jose Pérez Fernández, a totalidade das funcións da Alcaldía, entre os días 01 a 31 de agosto, ambos inclusive, por mor da miña ausencia do termo municipal, para non perxudicar o funcionamento do concello.

Segundo: O presente Decreto surtirá efectos a partires do día seguinte ó desta data, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da provincia, debendo dar conta ó Pleno na primeira sesión que este celebre.

Portomarin, a 31 de XULLO de 2018.- O Presidente, Juan Carlos Serrano López

R. 2206

Anuncio

ALLEAMENTO DE VIVENDA DE PROPIEDAD MUNICIPAL MEDIANTE POXA A ALZA

En sesión celebrada con data 12-07-2018 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente así como o prego de condicións elaborado para o alleamento do inmovible sito en rúa Compostel nº8 (Portomarin) polo procedemento de poxa pública a alza, con posibilidade de presentar ofertas en sobre pechado.

En cumprimento da LCSP e do Prego de Condicións, faise público o anuncio de alleamento cos seguintes datos xerais:

Obxecto do contrato:

Constitúe o obxecto do contrato o alleamento por este Concello do ben inmovible, de propiedade municipal situado na RUA COMPOSTELA nº8, deste Municipio.

Descrición de inmovible: VIVENDA UNIFAMILIAR E DEPENDENCIAS ANEXAS,

a) Situación xeográfica: Referencia catastral 3205207PH1430N0001TY/3205207PH1430N0002YU

Tipo de Licitación:

O tipo de licitación á alza é o de 186.064,06 euros (cento oitenta e seis mil sesenta e catro euros con seis céntimos de euro).

Procedemento de Selección e Adxudicación:

A forma de adxudicación do alleamento será a poxa pública a alza, con posibilidade de presentar ofertas en sobre pechado.

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a un só criterio de adxudicación, que deberá ser necesariamente o do mellor prezo.

Garantías esixidas:

Garantía provisional do 5 % (9.303,20 €).

Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación:

Data limite: 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da última publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios do Concello, no Perfil de Contratante da páxina web do concello (www.concellodeportomarin.es) e nos diarios el Progreso e La voz de Galicia.

Lugar de presentación: As ofertas presentaranse no Concello de Portomarin Praza Condes de Fenosa s/n, en horario de atención ao público. Tamén poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prego de condicións atopase a disposición dos interesados nas oficinas de rexistro do Concello de Portomarin así como no Perfil do contratante da páxina web do concello (www.concellodeportomarin.es).

Portomarin trece de xullo de dous mil dezaoto.- O ALCALDE, Juan Carlos Serrano López

R. 2208

RIBADEO

Anuncio

Formada e rendida a Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio orzamentario de 2017 co contido a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as regras 44 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e informada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 24/07/2018, exponse ao público, cos documentos que a xustifican, na Intervención desta Entidade, por período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo e oito días máis os interesados lexítimos poderán examinala e formular por escrito os reparos, reclamacións ou observacións que estimen pertinentes, o que se fai público para xeral coñecemento de conformidade co establecido nos artigos 116 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 212.3 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

En Ribadeo, a 26 de xullo de 2018.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

R. 2158

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía de data 11/07/2018 os padróns da taxa polo Servizo de recollida de lixo rural do 2º Trimestre de 2018, do SAF do mes de xuño de 2018, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 26 de xullo de 2018.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega

R. 2159

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO DO XULGADO DE PAZ DE RIBEIRA DE PIQUÍN

O abeiro do disposto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz, neste concello iniciouse expediente para á elección de Xuíz de Paz Substituto do Xulgado de Paz de Ribeira de Piquín.

A tal fin, faise a presente convocatoria pública segundo o seguinte detalle:

OBXETO: Elección de Xuíz de Paz Substituto do Xulgado de Paz de Ribeira de Piquín (Lugo).

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: 15 días naturais dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Lugar: No rexistro do Concello ou por calquera dos medios dispostos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SOLICITANTES: Tódolos cidadáns que reúnan os seguintes requisitos:

-Ser español/a.

-Maior de idade.

-Non estar incurso nas causas de incapacidade previstas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, así como nas causas de incompatibilidade e prohibicións sinaladas nos artigos 389 e 397 da antedita Lei, a excepción das actividades establecidas no artigo 14.2 do Regulamento 3/1995. As causas de incompatibilidade e prohibicións operarán con posterioridade ó nomeamento.

DOCUMENTACIÓN: Os solicitantes deberán presenta-la instancia pertinente dirixida ó Señor Alcalde-Presidente, debendo adxunta-los documentos seguintes:

-Certificado de nacemento e fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.

-Certificado de antecedentes penales, expedido polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.

-Declaración complementaria de conducta cidadá á que se refire o artigo 2 da Lei 68/80, no seu punto 1.a), referente a se se atopa inculcado ou procesado.

-Certificación médica acreditativa de non estar impedido física ou psíquicamente para o exercicio da devandita función.

-Xustificante dos méritos que puida alegar (fotocopias compulsadas).

En Ribeira de Piquín, a 2 de agosto de 2018.- Alcalde-presidente, Roberto Fernández Rico,

R. 2242

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de 19/07/2018, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a XUÑO de 2018, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Pastor ou BBVA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, a 19 de xullo de 2018. O ALCALDE PRESIDENTE, Julio Gallego Moure.

R. 2156

O VALADOURO*Anuncio*

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XUÑO DE 2018.

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 13 de xullo de 2018, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de xuño de 2018 polo importe total de 6.282,56€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En O Valadouro, 27 de xullo de 2018.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda

R. 2162

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio*

Expediente número: A/27/21435.

Asunto: Solicitud de concesión de un aproveitamiento de aguas.

Peticionario: Comunidad de Usuarios de Lamas.

Nombre del río o corriente: Manantial As Fontais (3).

Caudal solicitado: 0,05 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcelas 248 y 249 del polígono 44 (Lamas).

Término Municipal y Provincia: Ribeira de Piquín (Lugo).

Destino: Abastecimiento a Lamas.

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Tres arquetas de hormigón y conducción por tubería hasta depósito de 50 m³ de capacidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Ribeira de Piquín**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 27 de abril de 2018. - EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES. Pedro Granda Rodríguez.

R. 1200

Anuncio

Expediente número: A/27/21646.

Asunto: Solicitud de concesión de un aproveitamiento de aguas.

Peticionario: C.M.V.M.C. de Balsa.

Nombre del río o corriente: Sondeo.

Caudal solicitado: 0,092 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 33 del polígono 21 (A Balsa).

Término Municipal y Provincia: Navia de Suarna (Lugo).

Destino: Usos ganaderos.

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Sondeo de 50 m de profundidad e impulsión por tubería hasta un abrevadero.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Navia de Suarna**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 7 de junio de 2018.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 1705
